

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16 DE NOVEMBRO DE 2012.

- 1.- Actas das sesións anteriores: ordinaria do 2.11, extr. urx. 5.11. e ordinaria do 9 de novembro de 2012.

ALCALDIA

- 2.- Indemnización substitutiva a favor de Arjones polos servizos de reportaxes fotográficos das obras do Palacio de Congressos. Expte. 9068/101.

BENESTAR SOCIAL

- 3.- Servizo de Axuda no Fogar. Expte. 1956/01, 2656/15.

EDUCACION

- 4.- Indemnización substitutiva a favor da empresa Galega de Recursos Educativos Avanzados, S.L., pola xestión da Escola de Música Tradicional. Expte. 14307/332.

EMPREGO

- 5.- Proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación ERGUETE-Integración. Autorización do gasto. Expte. 9117/77.
- 6.- Proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asetranspo-Asociación provincial de empresarios de transporte público de mercancías de Pontevedra. Autorización do gasto. Expte. 9104/77.

FOMENTO

- 7.- Autorización para a Mellora da rede de pluviais no Camiño da Traída en Cidadelle, Chapela-Redondela. Expte. 1603/440.
- 8.- Indemnización substitutiva a favor de Cocheras Olívicas de Puentes S.A., polas obras de "Acabados superficiais en pedra natural da tapa do Aparcamento da Avda. de Castelao". Expte. 1569/440.
- 9.- Indemnización substitutiva a favor de EMPRO, polas obras de ampliación da rede de saneamento na parroquia de Coruxo. Expte. 1538/440.
- 10.- Devolución de fianza a favor de Enmacosa, S.A., ó non ocasionar danos pola realización dunhas sondaxes nas rúas Vicente Risco e Avda. de Madrid. Expte. 67475/250.

- 11.- Devolución de fianza a favor de Promociones Urbanas Laxas, S.L. , ó non ocasionar danos pola realización dunha canalización eléctrica na rúa Velázquez Moreno, 36. Expte. 66869/250.

INTERVENCION

- 12.- Dar conta do informe de seguimento do cumprimento da Regra de Gasto a 31.10.2012. Expte. 23/142.

MEDIO AMBIENTE

- 13.- Deixar sen efecto parcialmente o gasto autorizado e comprometido do programa "Camiño a Camiño e outros". Expte. 8327/306.

MONTES, PARQUES E XARDÍNS

- 14.- Prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas para a contratación de subministro de instalacións de bancos en zonas verdes e parques infantís. Autorización do gasto. Expte. 6697/446.

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

- 15.- Acordo de cooperación formativa entre a Unión Sindical Obrera (USO) e o Concello de Vigo para a realización de prácticas profesionais non laborais incluídas nos cursos AFD (accións formativas para desempregados). Expte. 1507/334.

PARTICIPACION CIDADA

- 16.- Ter por desistida expresamente á entidade Uruguayos por el Mundo da solicitude de aboamento da subvención que se lle outorgou por acordo da XGL en data 16.12.2011. Expte. 5652/320.

PATRIMONIO

- 17.- Aboar en concepto de cotas de comunidade, á Comunidade de propietarios do inmovible sito na rúa Republica Argentina nº 12-14, correspondente ao mes de setembro. Expte. 56/242.

URBANISMO

- 18.- Aprobación inicial do Plan Especial de Protección, rehabilitación e reurbanización de espazos interiores no antigo grupo de vivendas de promoción pública nas rúas Bueu, Moaña, Vilagarcía e Camiño da Raposa no polígono de Coia. Expte. 12639/411.

FORA DA ORDE DO DIA

- 19.- Resolución da convocatoria de subvencións para programas de actividades socioculturais para o ano 2012. Expte. 4664/335.
- 20.- Complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do servizo da Policía Local, dende o 1 de maio ao 31 de xullo. Expte. 23632/220.
- 21.- Emenda de erratas no expediente de contratación de subministrados de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o taller de Fomento do Concello de Vigo. Expte. 67503/250.
- 22.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar **sesión ordinaria na súa Sala o día 16 de novembro de 2012, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois (10,00 h.) en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local e ós demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

Vigo, 13 de novembro de 2012.

am.

O ALCALDE,

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA
XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez

D^a. M^a Jesús Lago Rey.